

ACTA DE DITAME DO XURADOS DO XVII PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS, III PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL E VI PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES

LUGAR: sala de xuntas da AGADIC (rúa da Vesada s/n, Santiago)

DATA: 8 de outubro de 2008

HORA DE COMEZO: 16.30 h

HORA DE REMATE: 20.45 h

ASISTENTES:

- *Laura Tato Fontaíña*, presidenta. DNI: 35.988.852 Q
 - *Emilio Xosé Insua López*, vogal. DNI: 76.569.721 F
 - *Roberto Salgueiro González*, vogal. DNI: 27.469.369 D
 - *María Pilar Trinidad Campo Domínguez (Marica Campo)*, vogal. DNI: 34.580.532 D
 - *Carlos Ignacio Labraña Barrero*, vogal. DNI: 76.410.327 A
 - *Andrea Bayer Lloves*, vogal. DNI: 76.994.960 E
 - *Marcelina Calvo Domínguez*, secretaria, DNI: 10.068.341 E
-
- A secretaria lémbrales aos asistentes a retirada do proceso do texto *O conto do cuco e a curuxa* (número de rexistro 1309) ao ser o gañador do III premio Abrente de textos teatrais, circunstancia que o autor puxo en coñecemento da AGADIC puntualmente, tal como era de obriga segundo a base terceira, apartado cuarto, da convocatoria publicada no DOG nº 63, do 2 de abril de 2008.
 - Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade adultos**, o xurado, atendendo á prerrogativa que a base sexta, apartado cinco, da convocatoria correspondente lle concede, decide, por unanimidade, deixar deserto o VI premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques modalidade adultos ao estimar que ningunha das obras presentadas posúe a suficiente calidade literaria e/ou escénica.
 - Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade para rapaces**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar por maioría o VI premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para rapaces, á obra presentada baixo o título *O punto da escarola* (lema: Choupín), nº de rexistro: 1952.
- Aberta a plica, o gañador resultou ser **Xosé A. Neira Cruz**, DNI: 33 275 469 N. Na mesma plica, como era de obriga segundo a base cuarta, apartado segundo, da convocatoria inclúese unha declaración do autor de que o texto non foi publicado nin premiado en ningún momento anterior.



Valora o xurado a plasticidade da obra, os diálogos enxeñosos, vivos, entretidos. Un texto moi ben escrito, cun gran sentido do humor e unha utilización moi intelixente da música, que o autor sabe artellar á perfección coa escrita.

- Valorados os textos presentados ao premio **MANUEL MARÍA** e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar por maioría o **III premio Manuel María de literatura dramática infantil** ao texto presentado baixo o título *Pingueiras e tarteiras* (lema: Cling-Clang) , nº de rexistro 1873.

Aberta a plica, a gañadora resultou ser **Teresa González Costa**, DNI: 76 869 075 Q. Na mesma plica, como era de obrigación segundo a base cuarta, apartado segundo, inclúese unha declaración da autora de que o texto non foi publicado nin premiado en ningún momento anterior.

Afirma o xurado estar ante unha apoloxía da ledicia e da fantasía, ante unha homenaxe implícita ao mundo do circo. Obra moi lúdica, con moitos xogos de palabras, que nos ofrece unha visión atípica, desmitificadora, de personaxes arquetípicos.

- Valorados os textos presentados ao premio **ÁLVARO CUNQUEIRO**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o **XVII premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais** ao texto presentado baixo o título *Sempre quixen bailar un tango* (lema: Prata), nº de rexistro: 1874.

Aberta a plica, a gañadora resultou ser **Teresa González Costa**, DNI: 76 869 075 Q. Na mesma plica, como era de obrigación segundo a base cuarta, apartado segundo, inclúese unha declaración da autora de que o texto non foi publicado nin premiado en ningún momento anterior.

De *Sempre quixen bailar un tango* destaca o xurado a intención da obra de ridiculizar valores dominantes como o afán de poder, a ambición, a aparencia, a superficialidade, o materialismo da sociedade, en contraste co poder salvador dos soños. Unha obra moi ben construída, moi coidada, cunha sólida estrutura dramática.

É desexo do xurado que quede reflectido en acta a calidade e o bo nivel dos textos presentados aos premios Álvaro Cunqueiro, Manuel María e Barriga Verde infantil, que xeraron longas deliberacións e valoración de diferentes alternativas antes de tomar a decisión definitiva, feito do cal se congratulan.

- Rematado o proceso, levántase a sesión ás 20.45 horas.

E para que así conste, asinan esta acta en Santiago de Compostela a 8 de outubro de 2008 a presidenta e a secretaria do xurado.

Asdo. Laura Tato Fontaiña
Presidenta

Marcelina Calvo Domínguez
Secretaria



VI Barriga Verde - infantil

REXISTRO TÍTULO/LEMA

1308	Os crocodilos chapapotes atacan!
1840	Voa, voa, papaventos / Velaí vai
1853	O cambio de Martín
1857	Manolo Cazolo e os Mazarocos / Pau de loureiro
1868	O oso Coqui
1880	O cazador de "lagartiñas"
1889	"Lemiki". O gato que quería ser calquera animal menos un gato
1902	Croá, croá. Monicreques na defensa do medio ambiente
1930	Meliris / Pirulí da Habana
1938	Babela
1943	A bruxa das augas mortas / Sursumatrum
1952	O punto da escarola / Choupín
1956	A lagoa dos amores. Obra para rapazada

III Manuel María

REXISTRO TÍTULO/LEMA

1700	Nos bigotes do gato / Mino
1846	Mundo Kilipú / Xogando co absurdo
1873	Pingueiras e tarteiras / Cling-Clang
1886	Un anaco de ceo
1887	Semella un canón... pero non / Violenza Goterres
1897	Bon appétit
1929	A voda da princesa / Puna de Atacama
1944	1492
1945	Soprete e Badulaque
1954	Castelo de sonhos
1855	(Fóra do proceso ao ser substituído polo número de rexistro 1944)

VI Barriga Verde - adultos

REXISTRO TÍTULO/LEMA

1858	Os cascallos da memoria / Manequíns
1951	A pulpeira de Mozart
1912	Ulises / A nau de Homero

XVII Álvaro Cunqueiro

REXISTRO TÍTULO/LEMA

1271	As horas baixas / Cigoña
1309	O conto co cuco e a curuxa (etirado por obtención de premio durante o proceso)
1601	A prancha
1740	Paseo de carautas
1753	Pressing Catch / Amable Xericó
1797	Nocturnos de lúa chea
1834	Unha vella abella de ouro "Nun caseto que vai ser un banco"
1847	Cobaías / Xogo de espellos
1849	Illeus. Laura Bretoña
1854	As palabras grandes / Florianópolis
1855	Panóptico
1856	O leite da loba
1864	A casa sen ecos
1865	Parusía para un ninguén / Pope
1866	Á beira do mar
1867	Único argumento (o deserto, a selva, e nada máis)
1874	Sempre quixen bailar un tango / Prata
1884	Troia derradeira
1888	A invención da sombra / Quasi Notturmo
1901	Lémbrese de nós, de cando en vez
1903	"Annus DCXVI" Ab urbe condita / O paso do río do esquecemento
1928	(retirado por petición do autor)
1936	A morte é breve
1937	A noiva de vermello- promesa
1939	Finlandia
1940	Panamá
1941	Ludwig e os facedores das cousas reais
1942	Om, A música do Universo
1961	Orfos da químera
2013	Furtivos